

Acta da Comisión de Calidade, 26 de xullo de 2021

Acta da Comisión de Calidade que tivo lugar o día 26 de xullo de 2021 ás 12:00 horas no Salón de Graos do Campus Remoto, en segunda convocatoria coa asistencia dos membros abaixo indicados [1] e coa seguinte orde do día:

ORDE do DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do coordinador de Calidade.
3. Validación, se proceder, dos informes de coordinación de grao e mestrado DO-0201 P1.
4. Validación, se proceder, do informe de revisión pola dirección DE-03P1.
5. Rogos e preguntas.

Comeza a sesión ás 12:00, seguindo a orde do día.

1. Apróbase.
2. Informe do coordinador de Calidade.
 - a. O coordinador, Ezequiel Rey, informa os asistentes do informe final de acreditación do mestrado MUNEAE. Finalmente a comisión de avaliación despois de analizar as alegacións ao informe provisional emitiu un informe final de avaliación favorable. O mestrado obtivo unha valoración B (alcánzase) en 6 dos 7 criterios e unha valoración A (supérase excelentemente) no criterio 2 “Información e transparencia”. A comisión de avaliación destacou a elevada e constante demanda do título, o SGC, a información pública, a elaboración dos

[1] José María Cancela Carral, María de los Ángeles Fernández Villarino, María Begoña Paz García, Salvador González González, Águeda Gutiérrez Sánchez, Roberto Silva Piñeiro, Uxío Pérez Rodríguez, Ezequiel Rey Eiras.

protocolos e a alta participación de profesionais na docencia do mestrado. Os membros da comisión de calidade valoran moi positivamente dita avaliación e agradecen á coordinadora do mestrado a súa labor.

3. Valídase por asentimento o informe de accións de coordinación das titulacións coordinadas no centro. Os coordinadores e as coordinadoras dos diferentes títulos explicaron brevemente o seu informe e as principais accións realizadas durante o ano académico.
4. Valídase por asentimento o Informe de Revisión pola dirección. O coordinador de calidade presentou mediante power point os obxectivos/metos dos graos e mestrados e os resultados acadados. O principal punto feble nos graos de educación segue a ser a satisfacción nas enquisas realizadas polos estudantes de 3º curso. Como resultado e seguindo a liña de cursos anteriores consensúase unha acción de mellora asociada a dito indicador. As distintas taxas de rendemento das titulacións de grao, seguindo a dinámica de cursos anteriores, superan todas elas as metas de calidade do centro e sitúanse en valores semellantes os títulos de ciencias sociais e xurídicas recollidos no informe CRUE. Nos estudos de mestrado, o Mestrado en Investigación en Actividade Física Deporte e Saúde non conta con rexistros de satisfacción polo que se plantexa unha acción de mellora que mellore a participación.

[1] José María Cancela Carral, María de los Ángeles Fernández Villarino, María Begoña Paz García, Salvador González González, Águeda Gutiérrez Sánchez, Roberto Silva Piñeiro, Uxío Pérez Rodríguez, Ezequiel Rey Eiras.

Remata a sesión as 13:10 h.

Vº e Prace.

En Pontevedra, 26 de xullo de 2021.

Secretario Accidental da Comisión	Presidente da Comisión
Pérez Rodríguez, Uxío	Rey Eiras, Ezequiel.

[1] José María Cancela Carral, María de los Ángeles Fernández Villarino, María Begoña Paz García, Salvador González González, Águeda Gutiérrez Sánchez, Roberto Silva Piñeiro, Uxío Pérez Rodríguez, Ezequiel Rey Eiras.